



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Febreiro 2025 • Nº 297

VEDRA 2025

XXIX
XORNADAS
ARREDOR
DA



CAMELIA

VEDRA FESTEIRA!

- **Domingo 2 de febreiro:**
Festa das Candeas en Santa Cruz de Ribadulla.
- **Domingo 9 de febreiro:**
Festa do San Blas en San Mamede de Ribadulla.
- **Domingo 23 de febreiro:**
Festa das Dores en San Fins de Sales.

FEBREIRO

L	M	MC	X	V	S	D
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28		

DÍA DE ROSALÍA O 23 DE FEBREIRO

■ Vedra pertence ao mecenado da Fundación Rosalía de Castro e súmase á programación que cada ano realiza en conmemoración a esta muller universal.

Toda a información na páxina web: rosalia.gal



FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

SABÍAS QUE...

■ **VEDRA CONTA CUN SERVIZO DE NOVAS POR WHATSAPP** polo que podes recibir toda a información de interese dun xeito fácil, directo e moi cómodo!!!

Son xa 764 persoas as que polo momento se sumaron a este sinxelo método para ter sempre toda a información.

Trátase dunha fórmula para recibir puntualmente este boletín informativo, pero tamén toda a axenda cultural, asociativa, veciñal,... todas as novidades de subvencións, axudas. Tamén serve como recordatorio de

prazos, para coñecer todas as propostas das múltiples asociacións, a axenda de festas, etcétera.

QUE TES QUE FACER PARA FORMAR PARTE DESTE SERVIZO?

Pois só gardar na túa axenda de contactos o número de teléfono 663 893 398. Este paso é obrigatorio, pois senón a información deste grupo de difusión non chegará.

Unha vez que xa teñas o número no teu directorio xa só tes que enviarlle un whatsapp coa mensaxe "ALTA EN NOVAS".

NOVAS POR WHATSAPP....
SERVIZO DE NOVAS DO CONCELLO DE VEDRA.... AGORA TAMEN NO TEU MÓBIL

A ENVÍA UN
WHATSAPP AO TELÉFONO
663 893 398
INDICANDO "ALTA NO SERVIZO"

Concello de Vedra

Así de sinxelo e pronto recibirás a confirmación de formar parte deste Servizo de Novas que pretende chegar, alomenos, ás 1000 persoas!!



Acto de Entrega de Premios do Concurso de Tarxetas de Nadal.



Espectáculo de maxia de Cayetano Lledó.



Ludonadal.



Visita dos Reis Magos á Nave da Estación.



As xuntanzas do alcalde polas doce parroquias que rematan nos inicios deste mes de febreiro.



Exposición "Segredos de Aldea" da veciña de Santa Cruz de Ribadulla e estudante de Belas Artes Sara Martínez Quinteiro coas obras de dezaseis artistas de Vedra.



Presentación do libro "El Mensaje de un duende para la humanidad" da veciña de Trobe Estrella Camino Bouzón no centro sociocultural de Vedra.



Acto de entrega do cadro "Resplandor no río", regalo do seu autor e veciño Manuel Jesús Oliveira Fernández.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Festa familiar de fin de ano da Asociación Cultural San Campio.



Actuación das Campiñas Ximena e Ana no Especial de Nadal de Luar, da man da AC San Campio.



Cantarelas de Nadal da Asociación Cultural San Campio.



Voluntariado do proxecto Faladoiros de Amabul facendo traballo de recuperación da memoria ambiental e de xénero no lavadoiro de Fontao.

Deporte

SENDEIRISMO. NOVA ETAPA O SÁBADO 15 DE FEBREIRO

■ **PERCORRIDO:** Dende Valença do Miño ata Vilanova da Cerveira

Ollo aos horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 07:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 07:40 horas
- Parada no Breixo ás 07:45 horas
- Parada no Hipercor ás 07:55 horas
- Última parada na Escola de Música de Santiago ás 08:00 horas

Inscricións e información antes do 10 de febreiro no teléfono 981 814 691.





WIFI GRATUÍTO EN VEDRA!!

■ LEMBRA...

Podes acceder a un servizo de WIFI gratuító nos seguintes edificios públicos do Concello de Vedra:



- A Casa do Concello.
- O Centro Socio Cultural de Vedra.
- O Centro de Emprendemento "A Estación" en Santa Cruz de Ribadulla.
- A Reitoral de Ponte Ulla.

O único que tes que facer é achegarte a un deles e conectarte á rede "WiFi4EU".

INFORMACIÓN DE CATASTRO EN VEDRA CADA TERCEIRO MARTES DE MES!!

■ Benefíciate deste servizo gratuító polo que aposta o Concello de Vedra.



DATA EN FEBREIRO:
O MARTES 18.

Obrigatorio asistir con reserva da cita no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h).

IMPORTANTE: Só se darán citas para asuntos relacionados con bens catastrais dentro do termo municipal.

NOVIDADE!! ASESORAMENTO TÉCNICO E INFORMATIVO SOBRE TEMÁTICA FORESTAL

■ A partir de marzo o terceiro xoves de cada mes.

No vindeiro boletín toda a información.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS A DOMICILIO

■ Chama ao 981 814 612 e pide que pasen a recoller os teus refugallos voluminosos.

Trátase dun servizo gratuító que se desenvolve por orde de solicitudes e que depende do número de pedidos, polo que non sempre é inmediato.

PUNTO LIMPO

■ Podes deixar o refugallo que non pode ir nos colectores no noso Servizo de Punto Limpo situado no lugar de Fornelos, Vedra.



HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

- Os martes de 09:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00 h.
- Os sábados de 09:00 a 14:00 h.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES e XOVES.

Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.

Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

REPARACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA

■ Se detectas algunha avaría ou mal funcionamento dos farois led que iluminan o noso municipio, chama ao teléfono 699 304 702.



Alcaldía



REMATAN AS XUNTANZAS CO ALCALDE POLAS 12 PARROQUIAS

AXENDA DE FEBREIRO:

DATA	LUGAR	HORARIO
Xoves 6 de febreiro	Casa da Estación en Santa Cruz de Ribadulla	Ás 20:30 horas

PROGRAMA DE COMPOSTAXE DOMÉSTICA EN VEDRA EN VEDRA RESIDUOS KMCERO

■ Este proxecto pretende chegar a todos os domicilios vedreses que contan cun terreo para a práctica da compostaxe doméstica, promovendo así a mellora da separación selectiva dos biorresiduos e a súa reutilización como recurso para alimentar os nosos solos.



Agora mesmo xa son máis de 400 familias as que fan compostaxe doméstica no noso municipio, impedindo deste xeito que os residuos orgánicos xerados en Vedra percorran longas distancias, evitando a emisión de gases contaminantes á atmosfera e axudando na loita contra o cambio climático ao tempo que contribúen a mellorar a calidade dos nosos solos retornando a materia orgánica ao chan en forma de compost.

Dende o concello de Vedra queremos chegar a todas

as familias do municipio, por iso pomos á disposición da veciñanza os medios materiais e humanos necesarios para realizar unha compostaxe de calidade.

Se tes interese en comezar a compostar podes solicitar gratuitamente o teu composteiro mandando un correo a residuoskmcero@concellodevedra.gal indicando os teus datos (nome completo, DNI, dirección, teléfono e correo electrónico), amais recibirás:

- **Formación** específica en compostaxe.
- **Seguimento** personalizado realizado por un/ha mestre/a composteiro/a.
- **Asesoramento** profesional a través do teléfono da compostaxe (*dispoñible para persoas usuarias do proxecto, de luns a venres de 16:00 a 20:00 horas*).

Apúntate á compostaxe e fai de Vedra un concello con **RESIDUOS KMCERO**.



Cultura

O ENTROIDO EN VEDRA

■ DOMINGO 16 DE FEBREIRO: FESTA DE ENTROIDO EN VEDRA.

A partir das 14:00 horas no Campo da Festa de Vedra haberá laconada, música, baile e moitas sorpresas máis.



■ SÁBADO 22 DE FEBREIRO: ENTROIDO EN VILANOVA

Percorrido pola parroquia ao longo de todo o día coa Unión Carnavalesca de San Pedro de Vilanova. Para finalizar á noite atranques dos Xenerais da Ulla en Picón e moitas sorpresas máis!!

■ VENRES 28 DE FEBREIRO

Baile de Entroido da Terceira Idade de Vedra no Centro Social a partir das 19:00 horas.

■ SÁBADO 8 DE MARZO: ENTROIDO EN SAN XIÁN

Percorrido pola parroquia ao longo do día. A partir das 19:00 horas atranque no campo da festa. Organiza a comisión de festexos.

■ DOMINGO 9 DE MARZO: ENTROIDO EN TROBE

Volve a esta parroquia esta celebración de tan fonda tradición que percorrerá toda a parroquia e que rematará no campo da festa ás 19:00 horas para escoitar con atención os agardados atranques.



XORNADAS ARREDOR DA CAMELIA 2025

XXIX XORNADAS ARREDOR DA

VEDRA 2025



CAMELIA

Domingo 2 de febreiro

XIV BTT Cicloturista da Camelia polo Val do Ulla (CC Ribadoulla)

Domingo 9 de febreiro

IX Carreira por Montaña "A Camelia" (CDM Vértice)

Xoves 13 de febreiro ás 20:00 h.

Charla: "A CAMELIA NO PAISAXISMO EN GALICIA".
Imparte: Gaspar Bernárdez (Doutor en Investigación Agraria e Forestal).
Lugar: Centro de Emprendemento A Estación.

Sábado 15 de febreiro ás 17:00 h.

Encuentro artístico "MULLER E CAMELIA".
Lugar e hora: Casa das Artes de Vedra de 17:00 a 20:00 h.
Inscripción previa en www.concellodevedra.gal. Gratuito.
Co resultado realizarase unha exposición na xornada da camelia.

Sábado 22 de febreiro ás 11:30 h.

Paseo guiado polos xardíns e os viveiros de camelias do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla.
Inscripción previa en www.concellodevedra.gal.
Prezo: 10 €. Prazas limitadas.

Sábado 22 de febreiro ás 17:00 h.

Obradoiro creativo (infantil e familiar) "PINTANDO CON CAMELIAS".
Inscripción previa en www.concellodevedra.gal. Gratuito.

Domingo 23 de febreiro

12:00 h: Apertura da EXPOSICIÓN DE CAMELIA.

13:30 h: INAUGURACIÓN coa Subdelegada do Goberno na Coruña **MARÍA RIVAS LÓPEZ**.

Irmadade con PADRÓN (Exp. da Camelia e do Bonsai de Padrón).

Entrega de agasallos de participación para as mostras de Flor e Ornamentación con camelia.

13:30 h: Actuación da ESCOLA DE MÚSICA DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA DO CONCELLO DE VEDRA.

17:00 h: Espectáculo infantil e familiar "SUPERHARTE" (Patty Diphusa).

Entrega de premios do CONCURSO DE PINTURA INFANTIL DA CAMELIA.

18:00 h. "A ESENCIA ARTÍSTICA DA CAMELIA" (Mostra ao vivo).

19:15 h: Coral Polifónica de Santa Cruz de Ribadulla "NO DÍA DE ROSALÍA".

20:00 h: Peche da xornada.

Ao longo da xornada contaremos con: "Exposición colectiva de pintura sobre a camelia", "Obradoiro creativo (infantil e familiar): Pintando e plantando camelias", "Foodtruck Galicia Sabe Amar".

Sábado 15 de marzo ás 17:00 h.

Obradoiro de xabóns con aceites de camelia.

Imparte: Eva María Castiñeiras.
Inscripción previa en www.concellodevedra.gal. Gratuito.

Sábado 29 de marzo

EXCURSIÓN-SAÍDA A PADRÓN.
Visita á Casa-Museo de Rosalía de Castro, Xardín Botánico, Exposición da Camelia e do Bonsai de Padrón.
Inscripción previa en www.concellodevedra.gal. Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e entradas). Prazas limitadas.

Marzo

Plantación conmemorativa de camelias na Avda. Mestre Manuel Gómez.

Máis información en www.concellodevedra.gal

CAMPAÑA PROMOCIONAL DA CAMELIA DO 7 AO 16 DE FEBREIRO NO CENTRO COMERCIAL "OUTLET ÁREA CENTRAL"

Do 7 ao 16 de febreiro

EXPOSICIÓN Son camelias... son Vedra!

En colaboración con:

- SECCIÓN DE ACTIVIDADES DE CAMELIA DO VAL DOULLA
- Concello de Vedra
- SON: VEDRA

**OUTLET
Área Central**

Do 7 ao 16 de febreiro

Exposición fotográfica
"As camelias de Vedra a través da lente"

Exposición
"Os Bolechas van a Vedra"

Venres 7

19:00h Inauguración
Asistencia do alcalde de Vedra, Carlos Martínez Carrillo.

Actuación do quinteto de metais da Escola de Música de Santa Cruz de Ribadulla

Sábado 8

18:00h Degustación de té de camelia e mostra de cosmética natural de camelia.

18:00h Obradoiro infantil e familiar "Pintando e plantando camelias"
Prazas limitadas

Sábado 15

de 11:00 a 21:00h
Feira de artesanía da camelia
· plantas · cosmética · téxtil ·

Servizos Sociais

AXENDA DE ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE NO MES DE FEBREIRO

■ **Escola de Saúde: "Atragantamentos e asfixia... como actuar? Espazos de cardioprotección en Vedra"** o xoves 6 de febreiro ás 20:00 h. no Centro Social. Impartido por Cruz Vermella Santiago

■ **Circuíto Termal nas Termas de Outariz.**
O mércores 12 de febreiro.
Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas)
Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e re-

greso. (O prazo de inscrición ábrese o 3 de febreiro de xeito presencial na cafetería do centro ou no teléfono 981 502 024. As prazas e número de asento adxudicaranse por orde de inscrición).

■ **Bingo**

O xoves 13 de febreiro ás 20:00 h.

■ **Baile de Entroido**

O venres 28 de febreiro ás 19:00 h. no Centro Social. Concurso de disfraces, cantos tradicionais, contos, show de bailoterapia, larpeiradas... Actuación de José Manuel, ex cantante dos Trovadores



OLLO!!
ABERTO O SERVIZO DE CAFETERÍA NO CENTRO SOCIAL DE LUNS A VENRES DE 17:00 A 21:00 H.



PRAZO DE SOLICITUDES PARA A EIM MUNICIPAL (GARDERÍA) NO CURSO 2025/2026 ABERTO DO 1 AO 31 DE MARZO 2025 (ambos incluídos)

■ Estará aberto o prazo de solicitudes de renovación e novo ingreso para a escola infantil municipal de Vedra para o vindeiro curso escolar 2025/2026.

Poderán solicitar praza as crianzas con idades comprendidas entre os 0 e os 3 anos. O ingreso na escola só se poderá realizar unha vez cumpridos os 3 meses. O curso escolar comezará o día 1 de setembro de 2025.

Documentación:

Alumnado de RENOVACIÓN: formulario de renovación da praza e declaración de IRPF do exercicio fiscal 2023 de ambos proxenitores.

Alumnado de NOVO INGRESO:

- Formulario de solicitude de praza.
- DNI de ambos proxenitores.
- Libro de familia ou certificado de inscrición do nacemento no Rexistro Civil.
- Declaración de IRPF do exercicio fiscal 2023 de ambos proxenitores.
- Acreditación da situación laboral de ambos proxenitores.



LUDETECA MUNICIPAL

■ Tendo como base das nosas actividades o Programa Corresponsables, no que se desenvolve a igualdade e a conciliación, este mes centrarémonos na análise de estereotipos, a través de distintas dinámicas ademais de emprender unha viaxe polos cinco continentes a través da realización de distintos talleres e obradoiros.

- Coñecendo Asia.
- Xogando en valores: Contacontos.
- Sushi de plastilina.
- Obradoiro emocional.
- Menudos/as artistas: papiroflexia.
- Móvete e baila, danzas de Asia.
- Compañeiros/as de xogo: Xogo en gran grupo.
- Obradoiro de sombras.

nitores (última nómina, xustificante de pago de autónomos, xustificante de pensións ou prestacións públicas, demanda de emprego).

- Certificado de padrón colectivo, no suposto de familias empadroadas noutro concello.
- Título de familia numerosa, de ser o caso.
- Título de familia monoparental, de ser o caso.
- Sentenza de separación, divorcio ou nulidade e documento convenio regulador, de ser o caso..
- En caso de circunstancias especiais ou excepcionais, xustificante que as acredite.

Lugares de presentación das solicitudes:

- Sede electrónica do concello de Vedra:
- Presencialmente, no rexistro xeral do concello de Vedra, en horario de 9:00 a 14:00 horas.
- En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2025, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Máis información:

- Departamento de servizos sociais comunitarios: 981 814 693
- Regulamento de réxime interno (BOP A Coruña núm. 185, do 25.09.2024 e núm. 214, do 06.11.2024)
- Ordenanza fiscal (BOP A Coruña núm. 36, do 24.02.2021 e núm. 185, do 25.09.2024).
- Na web municipal www.concellodevedra.gal



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).



2. Libre concorrencia: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade. As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestimenta.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



VEDRA É MULLER

■ Achégase o mes de marzo, e con el o Día Internacional da Muller.

Dende o concello trabállase por acadar unha igualdade que sexa efectiva e real. Un esforzo que se desenvolve ao longo de todo o ano e máis especialmente nos momentos sinalados do calendario.

Queremos adiantarvos algunhas das actividades que temos previstas para o vindeiro mes porque queremos contar coa vosa participación activa, xa que o mes de marzo VEDRA É MULLER algunhas das actividades previstas son:

- III Andaina pola Igualdade
- Acto de recoñecemento Vedra é Muller
- Acto institucional

• “Nós facemos historia, mulleres visibles aquí e agora” Queremos contar con 31 mulleres do Concello de Vedra con historias, proxectos e percorridos vitais diferentes para representar a diversidade de mulleres e poñer en valor o papel incuestionable que somos no noso concello, coa vosa imaxe e un pequeno texto das vosas vidas, profesión, afeccións, coidados... queremos dedicar un día a cada unha de vós no mes de marzo. Para isto é importante que vos poñades en contacto ao longo deste mes de febreiro coa área de igualdade do concello.



MULLERES +

■ Continúa este **programa gratuíto** da promoción do empoderamento persoal e autocoidado para mulleres no concello de Vedra.

Que ten como obxectivos esenciais:

- Apoderamento e autonomía das mulleres a través de ferramentas TIC de comunicación (correo electrónico, skype, whatsapp, etc.) e de participación nas redes sociais (facebook, twitter, instagram, pinterest, etc.).
- Procura de información en liña (buscadores, xornais, radio e televisión, blogues).
- E-xestión da vida cotiá (saúde, lecer e cultura, xestións locais, compras, banca electrónica), participación en organizacións de mulleres, recursos locais, etc.
- Mellorar a posición de mulleres no acceso ao mercado laboral e ao sector tecnolóxico e dixital, mediante unha capacitación en TIC.
- Ofrecer asesoramento e acompañamento personalizado ás participantes para que poidan expor e acadar obxectivos persoais (formativos, laborais...)

O taller desenvólvese en distintos horarios para facilitar a participación a través de actividades en grupo e individuais de coaching.

INFÓRMATE DESTE CURSO E DE TODO O RELACIONADO COA TEMÁTICA:

carmen.sabio@concellodevedra.gal teléfono 699 041 486 ou 981 814 693 en horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas.



ACTIVIDADES DA ASOCIACIÓN TERCEIRA IDADE O BURGO DE VEDRA

■ **Domingo 9 de febreiro:** xantar de entroido, con sorteo de premios aos disfrazados e baile.

Sábado 1 de marzo: excursión a baiona para desfrutar da "Festa da Arribada".

Inscricións e máis información no teléfono: 639 811 666.

CHARLA DA ESCOLA DE FAMILIAS DO CPI DE VEDRA O LUNS 3 DE MARZO ÁS 19:00 HORAS NA BIBLIOTECA MUNICIPAL

■ "Acompañar na práctica do deporte: a psicoloxía deportiva"

O luns 3 de marzo ás 19:00 h, na Biblioteca Municipal de Vedra, teremos unha nova edición da Escola de familias do CPI de Vedra, co psicólogo deportivo Iago López Roel. Ofreceranos consellos e técnicas sobre como acompañar aos nosos fillos e fillas na práctica deportiva, como motivalos, o afrontamento das competicións, a prevención da violencia, os abandonos...


Iago López Roel é psicólogo e ten un postgrao en Psicoloxía do Alto Rendemento Deportivo. Traballa con clubs como o Celta de Vigo, a SD Compostela, o Pontevedra CF e na actualidade, co Coruxo. Habitualmente, traballa no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra, e a nivel individual, con deportistas olímpicos, futbolistas de 1ª División e campións e campioas do mundo de diferentes deportes. Ten colaborado con federacións deportivas nacionais (bádminton, remo, piragüismo) e outras autonómicas (golf, bádminton, karate, piragüismo, loita, tiro con arco, natación, etcétera).



ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS TEATROFILIA 2025

■ Resultados do Concurso de Carteis para anunciar Teatrofilia:

O deseño gañador para anunciar a vixésima edición da Mostra de Teatro Amador de Vedra: Teatrofilia 2025 foi o presentado por Teresa Tato Cabaleiro, de San Miguel de Sarandón - Vedra (A Coruña)



E o accésit infantil do concurso, foi para a proposta de Lucía Castro Cabaleiro, da aldea de Ximonde - San Miguel de Sarandón - Vedra (A Coruña).



MOI PRONTO A PROGRAMACIÓN COMPLETA!!

Prestade moita atención ás redes sociais e ao vindeiro exemplar deste boletín informativo, pois pronto sairá publicada a programación completa desta vixésima edición da Mostra de Teatro Amador de Vedra: Teatrofilia, que se desenvolverá entre o 14 de marzo e o 5 de abril deste ano.



X DUATLÓN CONCELLO DE VEDRA CONTRA O RELOXO POR EQUIPOS CO CLUB OLÍMPICO DE VEDRA O SÁBADO 15 DE MARZO

■ Volve de novo este formato deportivo, sempre atractivo que de seguro non vai deixar a ninguén indiferente. Unha proba na que se porán a proba a resistencia, estratexia e, sobre todo, o traballo en equipo de cada participante.

Prazos de inscricións e toda a información na páxina web www.olimpicodevedra.org



Parabéns



AO MÚSICO E VECIÑO VEDRÉS JOSÉ MANUEL LÓPEZ “JOSELE”

■ Por converterse no primeiro titulado da historia en Máster en interpretación musical no itinerario de gaita, outorgado polo Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Dando así un paso máis na profesionalización deste instrumento galego por antonomasia, sendo o único alumno desta variedade ofertado polo centro vigués nas especialidades de interpretación, investigación e creación musicais.

A titulación deste recoñecido intérprete supón un fito histórico nos estudos académicos de gaita, sumando un paso máis ao acadado no ano 2006, cando o músico Xosé Luís Miguélez se convertía no primeiro

titulado superior na especialidade de instrumentos da música tradicional e popular de Galicia.

Ambas titulacións supoñen a equidade da gaita con respecto a outros instrumentos cunha longa traxectoria académica, revertendo así nunha maior profesionalización dos seus intérpretes.

A DONA CARMEN SILVA LAÑA

■ A última centenaria do ano 2024. Trátase desta veciña de Trobe, que cumpriu 100 anos acompañada da súa xente!!

Felices 100 anos Dona Carmen!!



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e comodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS